



**PARTIDO  
COMUNISTA  
DE GALICIA**

# CONFERENCIA DE ORGANIZACIÓN

Santiago de Compostela  
27 de maio de 2018

**TESES APROBADAS**

**Alegría para loitar,  
organización para vencer.**



## ÍNDICE TESES

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2. ORIENTACIÓNS PARA O REFORZO DO PCG. PRIORIDADES EN MATERIA ORGANIZATIVA</b>	<b>3</b>
<b>3. BASES ORGANIZATIVAS DO PCG. ESTRUCTURA E ÓRGANOS</b>	<b>5</b>
<b>4. A INTERVENCIÓN NO CONFLITO SOCIAL. SECTORIALIZACIÓN E POLÍTICA AFILIATIVA</b>	<b>9</b>
<b>5. FINANZAS E POLÍTICA PATRIMONIAL</b>	<b>12</b>



## 1. INTRODUCCIÓN

O XIV Congreso do PCG mandou a celebración dunha Conferencia de Organización para a concreción en Galicia dos acordos e resolucións organizativas que o PCE fixara no seu congreso.

Acordos que significan a asunción do centralismo democrático como modelo organizativo, e da democracia interna, a dirección colectiva, a unidade de acción, a disciplina consciente e a cohesión como principios.

No desafío de colocar ao noso Partido como un actor relevante nos espazos de mobilización e organización do conflito social e laboral. Estructurándoo de xeito sectorial para a organización da clase obreira.

Correspóndenos como PCG adaptar estes acordos á composición de clases, demografía e militancia en Galicia.

## 2. ORIENTACIÓNS PARA O REFORZO DO PCG. PRIORIDADES EN MATERIA ORGANIZATIVA

### 2.1 UN PARTIDO COLECTIVO.

Nos últimos congresos marcamos a necesidade de afondar nas formas e métodos de traballo colectivo. Unha aposta indivisible da recuperación do centralismo democrático como principio e modelo de partido. Un estilo e cultura de funcionamento que temos que ir cultivando en cada paso que demos como organización.

O marxismo-leninismo non se decreta, constrúese na práctica diaria de militantes e órganos. Exprésase na capacidade de facer da elaboración colectiva, en tanto que participación do conxunto do partido na definición de análises e decisións estratéxicas, un instrumento palpable nas realidades militantes máis cotiás.

Precisamos discernir no interno os elementos estratéxicos, os tácticos e a mera xestión, sabendo articular para cada un deles procesos de discusión diferentes. As decisións estratéxicas deben sustentarse en procesos de discusión colectiva que abrangan ao conxunto de estruturas do Partido. Plans de traballo e/ou de intervención xeral deberán ter tamén un tratamento específico de debate.

Os comités deben de funcionar como verdadeiros espazos de dirección política, analizando o entorno, marcando prioridades de traballo e dinamizando ao PCG no seu ámbito. Para o cal é imprescindible fortalecer a referencia e liderado colectivo exercido polas direccións a distinto nivel. Única garantía dunha condución política e ideolóxica efectiva e da cohesión interna.

A socialización da información é unha pre-condición para o exercicio da democracia interna e o traballo colectivo. A militancia debe de coñecer en tempo e forma os acordos do Comité Central e do resto dos órganos do seu ámbito.

O Comité Nacional dotarase dun boletín interno (*Orientación*) para o traslado da información, resolucións e resto de documentación debatida nas súas sesións. Á par aseguraranse canles para o coñecemento e transmisión áxil de acordos dos órganos inferiores á dirección nacional.



## 2.2 UN PARTIDO FEMINISTA

Un dos principais retos que afronta o noso Partido, e que ten que ser un obxectivo prioritario neste período, é a feminización da organización. Continuamos tendo un grande déficit de militancia feminina e é importante que fagamos un esforzo para atraer ás mulleres a nosa organización. Evidentemente a feminización do Partido non pode consistir unicamente en aumentar a cantidade de mulleres afiliadas, si non que é imprescindible tamén o seu empoderamento. Un Partido feminista como o noso ten que conseguir empoderar e facer visibles as súas militantes. Si queremos aumentar o número da militancia feminina, ás mulleres terán que atopar referentes dentro da nosa organización e fornecelas de espazos nos que se atopen cómodas e que permitan unha elaboración política propia.

As mulleres teñen que participar nos órganos de dirección, nas delegacións dos Congresos e asumir cargos nos diferentes niveis organizativos, que vaian máis alá de certas responsabilidades como as Secretarías de Feminismo. O cumprimento deste obxectivo terá que ir acompañado dun proxecto de formación dirixido a promocionar cadros mulleres, e que non se trate ás camaradas como simples números para cumprir coas cotas de paridade nos órganos.

Para que poidamos aumentar a implicación e o traballo militante das mulleres, faise tamén necesario adaptar o noso funcionamento organizativo. Como sabemos, as mulleres militantes xa non só nos vemos sometidas a unha dobre explotación, si non a unha tripla ou cuádrupla xornada (no caso das mulleres do rural) si contamos o noso traballo político. Por iso é necesario ter en conta un factor moi importante que lastra a dispoñibilidade das camaradas para participar da vida política do Partido, como é a de ter que facerse cargo das tarefas domésticas e de coidados no seu ámbito privado. Unha realidade que desde o Partido e desde o feminismo de clase se loita para mudar, apostando pola corresponsabilidade no fogar e pola socialización dos coidados, pero que a día de hoxe segue sendo un traballo desenvolvido principalmente polas mulleres. Para iso nas diferentes estruturas do PCG teremos que reformular e adaptar os horarios das reunións, actos e etc para facilitar a participación das mulleres, instaurar medidas de socialización dos coidados, que permitan que dentro da nosa organización e entre as e os camaradas poidamos encargarnos deste tipo de tarefas.

Para conseguir a feminización do Partido temos que integrar o feminismo de clase como método de traballo e que sexa transversal a todas as estruturas e a todos os espazos políticos do PCG. Temos que perseguir aquelas condutas machistas e sexistas que se dean dentro da nosa organización, condutas que poidan crear situacións de violencia, de invisibilidade ou de menosprezo das mulleres militantes e da súa opinión. Temos que evitar as dinámicas de organización e intervención masculinizadas e autoritarias. Ademais faise necesario contar cun proxecto de espazos libres de machismo e cun protocolo de actuación ante situacións de violencia machista, que se poidan dar no seo da organización, como foi aprobado no último Congreso do PCE.



### 3. BASES ORGANIZATIVAS DO PCG. ESTRUCTURA E ÓRGANOS

En función do marco organizativo e estatutario aprobado no XX Congreso, o PCG define a súa estrutura en torno a tres niveis: organizacións de base (núcleos), intermedias (comarcais), e de nación (nacionais), articulados nos diferentes comités e restantes estruturas de dirección e organización do traballo.

Un modelo orientado a resolver os retos de crecemento e ancheamento organizativo que subsxacen á construción dun partido de corte leninista, tal como formulamos no último congreso, á vez que facilitar a converxencia entre diferentes ritmos de desenvolvemento orgánico no PCG.

Esquema, polo tanto, que debe se ser aplicado dende a flexibilidade atendendo as condicións político-organizativas concretas de cada nivel organizativo. Sobre esta base, o Comité Nacional aprobará na primeira sesión ordinaria tras a conferencia un regulamento de estrutura e funcionamento do conxunto de órganos.

#### 3.1 AS ORGANIZACIÓNS DE BASE. NÚCLEOS.

Os núcleos, como organización de base, son o ámbito básico de militancia comunista dentro do PCG. Configúranse como a ferramenta de intervención directa do Partido no entorno socio-político e nexos de interacción cos sectores populares.

A súa forma será diversa, de planta territorial (como a inmensa maioría actual) e sectoriais, tendendo a que progresivamente a súa conformación se dea en correspondencia con esferas concretas da vida e organización social, ben sexa orientando a súa actividade ás expresións territoriais da loita de clase (vivenda, dignificación e defensa do territorio, solidariedade de clase, etc.) ou ao plano laboral-profesional.

Os núcleos deben de ter vida orgánica propia e regular. Ser un espazo de debate e produción política, de análise da realidade social e de formación político-ideolóxica dos seus militantes. A súa tarefa principal é aplicar e desenvolver a política do Partido no seu ámbito, contribuíndo ao seu reforzo e crecemento organizativo.

Dotaranse dos seus respectivos comités como estruturas executivas que garantan a dinamización e coordinación do conxunto da súa actividade. Estes comités estruturaránse en áreas e responsabilidades de xeito análogo ao resto de niveis organizativos, procurando cubrir os ámbitos de traballo interno, externo, ideolóxico e feminista, ademais da secretaría política. Poderán conformar calquera outra responsabilidade de área ou adxunta se considere.

A transición a un modelo leninista de partido debe de traducirse, en primeiro lugar, nun aumento dos índices de participación e mobilización militante, un dos principais déficit que arrastra este partido na actualidade. A tónica xeral amosa unha organización na que as labores políticas quedan recluídas en grupos reducidos de camaradas, que se corresponden case en exclusiva cos compoñentes dos diferentes comités, sendo incapaces de incorporar ao traballo cotiá a unha parte substancial da organización e, con elo, limitando o noso potencial de traballo.

Neste sentido os núcleos teñen que ser funcionais á planificación, organización e execución do traballo político. Introducendo novos instrumentos, espazos e metodoloxías internas que faciliten a plena implicación da nosa base militante: (i) unha organización racional do traballo en función de tarefas concretas e avaliábeis como medio de autorecoñecemento e capacitación militante (ii)



plenos con dinámicas de análise e definición de liña, obxectivos e instrumentos, desterrando dinámicas assemblearistas e regularizando convocatorias (iii) creación de comisións e grupos de traballo vinculados ás áreas de traballo e frontes de loita.

Un aumento da capacidade militante que ten que ir da man cun nas xiro nas prioridades e enfoque de traballo, situando o externo como elemento que vertebre o conxunto da actividade da organización. O propio proceso de extensión sectorial permitirá, igualmente, estruturas de traballo máis áxiles e focalizadas no traballo concreto.

### **3.2 A ESTRUTURA INTERMEDIA. MAPA COMARCAL DO PARTIDO.**

O horizonte de organización que albiscamos, pese a que non poda desprezarse en todo o seu potencial no curto prazo nin de forma homoxénea en todo o territorio, conducirá ineludiblemente a unha ampliación da nosa planta organizativa: máis núcleos como resultado da sectorialización das estruturas territoriais agora existentes e do propio crecemento que debe ir parello a esta.

A este efecto é preciso definir o marco organizativo de dirección: natureza política, composición e ámbito territorial das estruturas intermedias que poidan ser creadas. A propia realidade do PCG, en si, xa presenta algunhas contradicións que compre abordar e dotar dun encaixe organizativo estábel.

O sentido dos comités intermedios, como espazos de coordinación e dirección política de estruturas, presupón ante todo a existencia de varios núcleos constituídos sobre un mesmo espazo territorial. Evidentemente coexistindo transitoriamente cos núcleos herdeiros das agrupacións precedentes que no plano de competencias orgánicas serán homologables.

A súa función é cohesionar o traballo político da organización no seu radio de actuación, analizar e executar a política de extensión organizativa e o seguimento da súa militancia en coordinación coa dirección nacional, vertebrar a política de frontes sobre a base da estratexia da organización, e a condución financeira e económico-contábel ao seu nivel. Son a estrutura unitaria na que conflúe a actividade de sectores e territorios organizados en núcleos. Órganos executivos e de dirección.

A composición dos comités deberá de gardar unha correlación cos núcleos sobre os que se sostén. As responsabilidades no seu interior seguirán o mesmo modelo que o resto de órganos. As secretarías políticas dos núcleos serán membros natos dos comités ao igual que a XC. Poderán constituír espazos de traballo interno en función da súas necesidades específicas.

Debido á estrutura demográfica e produtiva de Galicia (grandes zonas metropolitanas que concentran a masa asalariada do país, desigual distribución poboación en outros niveis de organización territorial, etc.) reafirmase a aposta por unha articulación en clave comarcal no sentido no que historicamente estruturouse o noso Partido. Forma que, con matices, presentan outras tantas organizacións referenciais do campo popular: sindicato, proxecto de converxencia, etc..

En todo caso resulta necesario clarificar a distribución territorial do PCG, cantas e cales comarcas identificamos na organización con independencia de que estas sustenten comités intermedios, núcleos territoriais ou de que este sexa un marco alterable en función da evolución organizativa do partido.



Así, o PCG quedará constituído por entre nove e catorce organizacións comarcais. Inicialmente sobre a base das estruturas existentes que en relación ao distribución comarcal oficial resultaría no mapa organizativo seguinte:

- A Coruña: comarcas da Coruña, Betanzos, Bergantiños, Fisterra, Terra de Soneira
- Ferrolterra: comarcas de Ferrol, O Eume, Ortegá.
- Barbanza: comarcas Barbanza, Muros, Noia, O Xallas
- Compostela: comarcas de Santiago, Arzúa, Terra de Melide, Ordes, A Barcala
- Lugo: comarcas do conxunto da provincia.
- Salnés: comarcas do Salnés e Caldas.
- Pontevedra: comarcas de Pontevedra, Tabeirós-Terra de Montes e Deza.
- Vigo: comarcas de Vigo, O Morrazo, Condado, Baixo Miño, A Paradanta.
- Ourense: comarcas do conxunto da provincia.

Unha articulación racional en termos volume organizativo e recursos, atendendo a realidade dun PCG con implantación territorial desigual pero que debe ser quen de poder vertebrar política e organizativamente o traballo no conxunto do país. A súa vez, unha estrutura sustentada en comités de proximidade aos ámbitos materiais de traballo político dos propios núcleos.

O Comité Nacional poderá regular antes do próximo congreso do PCG, cunha maioría de 2/3 do órgano, o mecanismo de modificación desta distribución e requisitos organizativos mínimos para a constitución de organizacións comarcais (en afiliación e núcleos existentes).

### **3.3- A DIRECCIÓN NACIONAL**

A dirección nacional a compoñen o conxunto de estruturas do PCG, como organización nacional do PCE en Galicia.

#### **3.3.1 Comité Nacional**

O Comité Nacional é o máximo órgano de dirección entre congresos.

Está composto polo conxunto de membros nominais electos/as no congreso, unha representación de cada un dos comités territoriais constituídos (por norma xeral na figura da secretaría política) e da Xuventude Comunista. Esta última estará integrada pola súa secretaría, como membro nato/a, e unha cota de un/unha a elixir polo seu órgano de dirección.

A concepción do Comité Nacional como órgano unitario esixe corresponsabilidade dos membros na elaboración, execución e seguimento das decisións e propostas políticas emanadas. Avanzar no carácter colectivo do comité, na ligazón entre a adopción e aplicación de acordos, na ruptura de toda tendencia fragmentaria froito de dinámicas deliberativas.

Este obxectivo debe plasmarse na configuración e distribución de tarefas no Comité Nacional. É necesario que o conxunto dos seus membros asuman algunha responsabilidade ou tarefa no órgano, incorporándose a algunha das áreas constituídas en función da estrutura de dirección acordada. Con especial relevancia no que respecta a tarefas ligadas coa condución da política de fronteiras.

Un comité que debe de ser un órgano áxil que funcione baixo metodoloxías que garantan a participación colectiva e a síntese, a concreción nas discusións e a adopción de acordos, superando toda práctica parlamentarista que poida perdurar.



Reunirase en pleno, de forma ordinaria, unha vez cada tres meses tendendo a encadrarse dentro do calendario do Comité Central co fin da do desenvolvemento e concreción dos seus acordos na realidade política galega. As súas sesións servirán para a análise da conxuntura político-social e a definición das prioridades xerais do conxunto de estruturas.

É o encargado de aplicar a política do PCE no ámbito galego, da promoción do desenvolvemento organizativo do partido no territorio, da supervisión do cumprimento dos acordos dos órganos superiores no conxunto da estrutura, da creación de núcleos, da elección de entre as e os seus membros das responsabilidades do comité executivo e da estrutura de dirección, da convocatoria do congreso e de cantas outras competencias recollan os estatutos vixentes.

Un órgano que ten que actuar como verdadeiro núcleo de dirección no territorio. Aplicando e xerando liña política para as estruturas inferiores, de cuxos acordos se subordinan, exercendo a rendición periódica de contas, e dotando de profundidade política e analítica as súas discusións.

### **3.3.2 Comité Executivo Nacional**

A súa función é garantir a continuidade do traballo entre reunións do Comité Nacional, ante quen responde. Encargado do impulso, dinamización e seguimento da actividade das diferentes responsabilidades, núcleos e comités, da xestión ordinaria dos bens e recursos económico-financeiros e patrimoniais do PCG, da convocatoria e orde do día do Comité Nacional e, en xeral, da execución de toda tarefa de dirección e xestión cotiá a nivel nacional.

O Comité Executivo Nacional está conformado pola/o responsable da secretaría xeral do PCG, por un número electo de entre as e os membros do Comité Nacional a proposta desta, e pola secretaría política da Xuventude Comunista. O seu número máximo non poderá superar máis da metade da composición nominal do Comité Nacional.

Todo membro do executivo asumirá unha responsabilidade individual na forma de áreas e/ou secretarías vinculadas.

### **3.3.3 Secretaría Xeral**

A secretaría xeral é a máxima representación individual do Partido en Galicia. Será elixida na primeira sesión do Comité Nacional de entre as e os seus membros.

Preside as sesións do Comité Nacional, coordina o traballo do conxunto das súas responsabilidades e exerce a representación pública e ante entidades externas do PCG.

## **4. AS ÁREAS DE TRABALLO**

O Comité Nacional artellará o traballo do conxunto do PCG sobre áreas de traballo. Estas funcionarán como espazos de elaboración, proposta e execución político-técnica. Son espazos de coordinación interna na dirección nacional e de vertebración da actividade da organización nos diferentes niveis da organización supeditados, non obstante, aos órganos políticos do partido.

O seu número, configuración e contido material será determinado polo Comité Nacional. Integrarán no seu interior ás responsabilidades homólogas da Xuventude Comunista.





## **4. A INTERVENCIÓN NO CONFLITO SOCIAL. SECTORIALIZACIÓN E POLÍTICA AFILIATIVA**

### **4.1 CONCEPCIÓN E IMPLICACIÓNS DA SECTORIALIZACIÓN**

Se existe un elemento central que sintetiza a política do Partido aprobada nos últimos congreso é a vontade expresa por ser un instrumento de organización, dinamización e dirección consciente do conflito e a mobilización social.

Non se entenderían as distintas fórmulas organizativas e ideolóxicas introducidas, nin os ambiciosos obxectivos marcados en materia estratéxica en ámbitos como o movemento obreiro, o feminismo ou a converxencia política, sen esta meta previa. Pola aposta efectuada pola organización e construción sectorial como mecanismo para a plena inserción das e dos comunistas nos espazos de organización clasista e o impulso da auto-organización popular.

Como recollían as teses do XIV Congreso a sectorialización implica que *“o encadramento da militancia, en consecuencia, debe darse dende as propias fronteiras onde intervimos, como ámbitos sectoriais fundacionais da actividade militante. Organizándoa a partir das súas condicións sociolaborais e ámbitos preferenciais de vida social. Naquelas contornas nas que existan maiores posibilidades de influír politicamente e de articular focos conscientes de loita.”*

Asumir esta perspectiva debe traducirse na quebra de todo esquematismo e formalismo á hora de definir e abordar as nosas actuacións de índole organizativa. A dinamización interna, o crecemento e extensión organizativa, a distribución de cadros e recursos non son procesos de xestión administrativa illados da liña política e da conxuntura.

Se na resolución de metas políticas ten unha influencia determinante a nosa competencia para traducir politicamente o xeral ao concreto, na relación dialéctica entre a un deseño acertado da estratexia e a capacidade de aplicala a contextos heteroxéneos e volubles, na política de organización acontece semellante.

Para que a sectorialización se torne en materialidade organizativa tan importante é definir as grandes liñas e prioridades, como marcou o XX Congreso e pretendemos perfilar neste documento, como ser quen de ir desenvolvendo o proceso cuns ritmos flexibles e apegados as condicións existentes en cada territorio. Acordar un método común que nos permita encarar realidades de partida desiguais, tanto no que respecta á nosa situación orgánica e militante como á propia composición de clases, desenvolvemento político de fronteiras ou posibilidades de loita en localidades, comarcas e sectores.

### **4.2 FERRAMENTAS DE COORDINACIÓN DO TRABALLO EN FRONTERAS**

O desenvolvemento sectorial pola base está condicionado á existencia de liña política que impulse e cohesione a actividade do conxunto de núcleos e das e dos camaradas que veñen traballando en fronteiras de loita.

Aínda que é unha tarefa que corresponde en primeira instancia aos órganos políticos do Partido, é certo que non resolve por si só os problemas de coordinación do traballo, de socialización da información ou de valorización e aproveitamento do capital político da militancia.



Isto, aínda que especialmente palpable no movemente obreiro tamén se reproduce noutras esferas do traballo externo limitando de xeito significativo as nosas posibilidades de influencia e hexemonía social.

Para corrixilo acordamos a posta en marcha de instrumentos enfocados á elaboración e debate sectorial entre a militancia e cadros con presenza nas distintas fronteiras de intervención externa:

1. Convocatoria de encontros de fronte de carácter amplo como espazos de traballo para o análise e detección colectiva das necesidades e potencialidades nos diferentes movementos, e o establecemento de plans e actuacións concretas de carácter político e ideolóxico.
2. Constitución a partir do resultado dos encontros e/ou da propia configuración interna de comités e núcleos de comisións sectoriais de carácter nacional como espazos estables para o seguimento e estímulo da actividade externa da organización. Estas comisións se integrarán organicamente na área que corresponda en función da estrutura de dirección vixente.
3. A prioridade inmediata sitúase no Movemento Obreiro e nas e nos Pensionistas, en tanto que ámbitos que se corresponden cos de maior potencialidade para a xeración de núcleos ou grupos sectoriais de base. A longo prazo o horizonte está na apertura de espazos por sectores produtivos e profesionais segundo as prioridades de extensión posteriormente enunciadas.
4. Asignación progresiva, segundo a viabilidade política e militante, de responsabilidades da fronteiras prioritarias no ámbito da dirección nacional e da área externa.
5. Celebración contra o segundo tramo de mandato dunha Conferencia sobre Estratexia e Organización para a Intervención co obxectivo de actualizar e profundar a liña política externa, así como para a avaliar e adecuar, se se estimase, as ferramentas organizativas e sectoriais desenvolvidas.

Esta serie de medidas permitirán dotar de orientacións e iniciativas de traballo ás diferentes organizacións de base propiciando que o avance na sectorialización se dea en correspondencia con obxectivos políticos reais e non por mera agregación cuantitativa de militantes. Permitindo ademais mobilizar a moitas camaradas que hoxe, por unha ou outra razón, están orfos de ferramentas e espazos para a militancia.

De igual xeito, a concepción dos comités de dirección debe de mudar. A súa función é servir como marco unitario de dirección e integración de estruturas (territoriais e sectoriais), fronteiras e sectores; así como garantir a aplicación da estratexia xeral e a converxencia entre planos diferentes da intervención.

#### **4.3 CREACIÓN DE NÚCLEOS SECTORIAIS. PRIORIDADES E PAUTAS DE CONSTITUCIÓN**

O núcleo sectorial é o instrumento principal do que nos dotamos as e os comunistas para vehicular a nosa política entre as masas. Como tal son estruturas enfocadas á intervención política sobre estratos concretos da clase traballadora. Articúlanse sobre espazos sociais nos que pola súa posición no plano da produción ou reprodución da forza de traballo existe unha potencialidade para organizar o poder popular.

Todo núcleo sectorial debe de ter unha fronte de traballo asignada, a cal delimita a súa configuración e orientación de traballo. Crearanse sobre a base de relacións laborais-profesionais (centros de traballo, empresas, sectores, asalariados, estruturas sectoriais, etc.), no ámbito veciñal e comunitario (barrios, vilas, etc.), nos pensionistas, etc.



A súa configuración debe responder á natureza de estruturas de militancia regular. Na composición, cun número de membros operativo e tendendo a perfís homoxéneos. Nas dinámicas internas, cunha organización e reparto do traballo entre toda militancia (un militante, unha tarefa). No enfoque de actividade, poñendo no centro as problemáticas concretas do suxeito sobre o que interveñen.

A transición dos actuais núcleos comarcais a novos núcleos sectoriais estará supervisada pola dirección nacional. Esta marcará as pautas e prioridades xerais para o seu desenvolvemento e concreción nas diferentes comarcas e territorios. A este efecto será aprobado un plan de medidas para a sectorialización, revisado anualmente, que marque e defina ferramentas, obxectivos e condicións para a creación de núcleos e/ou apoio político aos existentes. En liñas xerais á pre-existencia de grupos de camaradas e dinámicas de traballo estábeis que sustenten eses posíbeis novos núcleos.

Os núcleos sectoriais quedarán integrados organizativamente no ámbito xeográfico dos comités superiores correspondentes, que deberán coordinar a súa acción política, buscando propostas unitarias para desenvolver en cada sector.

En calquera caso a debilidade orgánica do PCG impón un proceso gradual e supeditado ao reforzo previo de moitas das estruturas. Se conseguimos virar as inercias e cultura do Partido cara o externo as propias necesidades crecentes de organización sementarán o camiño da sectorialización.

#### **4.4 MILITANCIA E ESTRUTURA. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE CRECEMENTO MILITANTE E SECTORIAL.**

Incorporar á nosa planificación de extensión organizativa e afiliativa a perspectiva sectorial permitirá un crecemento político, no mecánico, dirixido a atraer a nosa organización perfís concretos sobre os que queremos incidir e organizar. Nutrindo e fortalecendo tamén a nosa implantación territorial.

Con este fin, a política de extensión centrarase nos seguintes eixos.

1. Consolidar estruturas do Partido en torno as sete urbes galegas pola facilidades derivadas da elevada densidade de asalariados, dinamismo do corpo social e laboral e volume de militancia (representan o 62% do censo).
2. Extensión organizativa nos sectores que presentan maior grao de concentración e homoxeneidade da masa traballadora e, polo tanto, máis probabilidades de xeración de estrutura. As grandes concentracións industriais, nomeadamente nas áreas metropolitanas da Coruña e Vigo, son obxectivos preferentes de crecemento. Polo nivel de artellamento sindical tamén son obxectivo as administracións públicas.
3. Aumento militante en sectores vinculados á prestación de servizos polas taxas máis elevadas de contratación de poboación nova e feminina.
4. Actuacións dirixidas á implantación a longo prazo na Galicia interior e resto do medio rural, zonas nas que a nosa afiliación é case inexistente. A prioridade e proveernos de análises e política propia para este ámbito, a través de foros, conferencias, debates, etc.
5. De xeito transversal, e consecuentemente co disposto no punto 2.2. Un Partido feminista sobre a feminización do Partido, debe ser prioritario o crecemento entre as mulleres.



Cara a garantir o desenvolvemento das iniciativas necesarias para acadar os obxectivos da política de extensión aprobada, no primeiro Comité Nacional que se celebre despois da conferencia se presentará unha proposta estratéxica detallada, composta por calendario e polos recursos que van destinarse.

## **5. FINANZAS E POLÍTICA PATRIMONIAL**

### **5.1 PRINCIPIOS E FERRAMENTAS DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTABLE. CENTRALISMO FINANCEIRO E SOLIDARIEDADE, PLANIFICACIÓN, INDEPENDENCIA ECONÓMICA.**

O centralismo financeiro é o principio reitor que guía a nosa política económica, asegura o funcionamento do conxunto da organización e a solidariedade entre estruturas. O Comité Nacional é o órgano encargado do establecemento das prioridades políticas e financeiras garantindo que todas as estruturas contan con recursos económicos e materiais para a súa execución. Este obxectivo ten que plasmarse no cumprimento inmediato dos acordos de centralización de contas correntes (unificación no ámbito da dirección nacional) e de plans concretos de redistribución e dotación de infraestrutura para núcleos e comarcas.

Estes plans definirán a marxe necesaria de xestión económica que se precisa en cada nivel organizativo garantindo que todas as estruturas contan cos recursos necesario para o seu funcionamento ordinario

A planificación permítenos unha administración racional das nosas finanzas, optimizando procesos de recadación e de pago. Asegura a práctica da democracia interna na definición das liñas de execución económica e da transparencia sobre os resultados. O exercicio destes principios se efectúa a través de orzamentos, balances e plans económicos. O PCG aprobará dentro dos dous últimos meses de ano un orzamento co detalle de ingresos e gastos, integrando as necesidades dos órganos inferiores, que será consolidado coa dirección central. Semestralmente darase conta da súa execución. Un regulamento definirá as bases de execución e criterios de distribución de recursos, así como os procedementos análogos no referente a comités e núcleos.

O Partido debe dotarse dunhas finanzas construídas sobre a base da independencia económica fronte a instancias alleas. Non se trata de rexeitar ingresos procedentes doutras vías, fundamentalmente de orixe electoral-institucional, senón de fortalecer un aparato económico propio que resgarde á organización de conxunturas variables.

### **5.2 INGRESOS ECONÓMICOS ORDINARIOS. COTAS E PROTOCOLOS**

A cota representa o compromiso militante individual co sostemento económico do Partido. A determinación da súa contía e métodos de cobro compete á dirección central. A distribución da parte correspondente ás organizacións territoriais queda establecida como sigue: 50% Comité Nacional, 25% comarcas. En caso de acordo central de modificación do reparto os porcentaxes aquí reflexados manteranse proporcionalmente.

As relacións económicas do PCG con Esquerda Unida, ou outros proxectos de converxencia que integre, se definen por medio da sinatura de protocolos. Estes representan o retorno do aporte organizativo e electoral realizado polo noso partido en forma monetaria e de cesión de recursos. Para o seu cálculo debe ser considerada a contribución efectuada en materia militante, cargos



públicos, locais e equipamento. O PCG, como suxeito repercutido de xeito indirecto, debe de ter voz na configuración de acordos económicos e cartas financeiras polos nos referentes.

A sinatura de protocolos (económicos, de acceso e uso de bens) deben ser estendidos aos niveis comarcais e/ou locais.

### **5.3 AUTOFINANCIAMENTO**

Esta debe de ser a partida a reforzar no presente ciclo. Actualmente supón unha vía residual de ingresos e escasamente desenvolvida como ferramenta política.

Mediante esta actividade deben de ser obtidos recursos do noso entorno e proxectar ao externo á organización. O obxectivo está no aumento da rendibilidade mediante a diversificación de actividades e materiais, profesionalización das tarefas e a explotación da vertente financeira na actividade xeral da organización (actos, manifestacións, escolas, etc.).

O catálogo de materiais debe aumentar e afianzarse. Estar a disposición da organización durante todo momento e non exclusivamente en torno a eventos concretos, pese a que sexan espazos a reforzar. A inversión ten que crecer e ligarse as nosas prioridades discursivas externas.

Apoiarse a actividade exercida por núcleos e comités co fin de que alcancen a súa propia autosuficiencia económica.

### **5.4 BENS, PATRIMONIO E RECURSOS HUMANOS**

O patrimonio xerado en décadas de existencia do PCG representa un valor político e material sobre o que compre establecer unha política de administración clarificada que posibilite o seu correcto mantemento e posta en valor.

É urxente realizar un inventario dos bens mobles (obras de arte, principalmente) en poder das distintas comarcas, así como unha catalogación e valoración artística e económica que inclúa o estado de conservación dos mesmos

En canto aos locais titularidade do Partido resulta necesario protocolarizar o marco de xestión e uso compartido coas organizacións que fan uso deles. Os gastos xerados que correspondan ao PCG en ningún caso repercutirán sobre as finanzas comarcais e/ou de núcleo.

Os retos políticos e organizativos marcados para esta etapa requiren, sempre que as condicións económicas o permitan, contar con militancia con plena dedicación para tarefas políticas e técnico-políticas. A proposta de perfís, funcións e réxime de contratación será competencia do Comité Nacional. Realizarse seguimento do cumprimento dos compromisos políticos, éticos e financeiros no desempeño das tarefas da militancia liberada.

### **5.6 FESTA DO PCG**

A Festa do PCG é un espazo de visualización das proposta das e dos comunistas. Unha ferramenta máis para o desenvolvemento da liña política e estratexia do Partido servindo como punto de encontro da militancia comunista co conxunto da esquerda social e política.

Un evento que ten que conxugar o enfoque externo en canto a proposta e discurso político, coas necesarias actividades lúdicas e o carácter cultural e social.



Para este ciclo o obxectivo debe ser avanzar nun formato de festa que sen poñer en risco a súa viabilidade económica potencie a vertente de masas do evento. Non podemos aspirar a que a festa quede recluída a un mero acto interno das e dos comunistas.

Especificamente serán tarefas a desenvolver: (i) abrir a participación e programa da festa a colectivos, entidades e organizacións do noso entorno político-social e achegados, (ii) incrementar a oferta lúdica e cultural que nos achegue a un perfil de poboación en sintonía cos obxectivos de crecemento marcados, (iii) garantir a perspectiva feminista na marcha de todas as fases da festa.

A festa terá unha periodicidade anual. O Comité Nacional aprobará unha proposta de traballo que delimitará emprazamento, fórmulas de traballo e liñas políticas xerais durante o último trimestre do ano. O balance económico detallado será posto en coñecemento do órgano.